

RURAL UUAA propón aproveitar o novo escenario climático e de crise para fomentar o uso das enerxías renovables, a introdución doutras especies ou a redución de fertilizantes

AGRO VERDE E RENDIBLE

'CAMBIAR O CAMBIO' PRETENDE EVITAR O ABANDONO GRAZAS A NOVAS TÉCNICAS QUE AUMENTEN A RENDA

R. Fernández - Santiago

Galicia precisa unha revolución no agro. A cada vez máis evidente chegada dun novo escenario climático e a crise económica que atravesa o sector primario fai necesario mudar as prácticas dunhas explotacións cada vez menos rendibles. Este é precisamente o obxectivo que persegue *Cambiar o Cambio*, un proxecto posto en marcha polo sindicato Unións Agrarias (UUAA), enmarcado no Programa Life+ da UE. Apostar polas enerxías renovables, introducir novos cultivos máis sustentables e de maior rendibilidade económica ou reducir o uso de fertilizantes trocándoos por substancias ecolóxicas son algunhas das propostas de UUAA para facer o agro galego máis rendible ambiental e economicamente.

"Os agricultores e gandeiros somos os verdadeiros garantes do medio rural, polo que temos un papel fundamental á hora de mitigar e cambiar as consecuencias dun cambio climático que nos afecta de enorme maneira", sinalou onte o secretario de organización de UUAA, Pablo García, durante a presentación do proxecto en Santiago. Esta necesidade de cambio será transmitida a través de 41 xornadas técnicas, nas que preto de 1.800 profesionais do sector aprenderán como mitigar e adaptarse ós novos tempos. Segundo destacou o secretario de desenvolvemento rural e medio ambiente de UUAA e director técnico do proxecto, Xacobo Feijoo, o fin último é demostrarlles que as cousas poden facerse doutra maneira.

Entre outras medidas, Feijoo mencionou unha forte aposta pola enerxía solar coa que abastecer as explotacións, cultivos agroenerxéticos destinados ás centrais de biomasa, o aproveitamento enerxético de puríns, xestión eficiente de xurros e aumento da superficie de masas forestais como sumidoiros de carbono. Neste sentido, Feijoo apuntou a necesidade de potenciar tamén esta función no solo cultivable, de forma que se aposte por aquel manexo agrícola que permita aumentar a materia orgánica do solo, captadora do CO₂.

Xunto con estas prácticas para



O proxecto 'Cambiar o Cambio' aspira a lograr unha revolución verde no agro que repercuta economicamente

AS FRASES

Pablo García

"A actual crise que atravesamos no campo conleva a necesidade de facer as cousas doutra forma, de xeito que teñan en conta as variables do cambio de clima"

Xacobo Feijoo

"Temos que promover os sumidoiros de carbono no forestal de tal forma que, seguindo a máxima de quen quen contamina paga, quen descontamina, recibe"

mitigar o cambio climático, dende UUAA apóstase por levar a cabo estratexias de adaptación a este fenómeno. "O cambio climático é unha ameaza pero tamén unha oportunidade para introducir novas prácticas que leven a revitalizar o noso agro", destacou Pablo García. Por iso, no marco do proxecto, UUAA transmitirá a necesidade de apostar pola introdución de novos cultivos, adaptados á seca e que precisen menos fertilizantes e auga. Do mesmo xeito, tanto Feijoo como García defenderon a necesidade de levar a cabo novas prácticas agrarias que permitan o uso de menor combustible, traballar nos sistemas de regadío e mellorar as instalacións gandeiras para conseguir a súa eficiencia.

Non obstante, o gran desafío que se lle presenta ó sector son as ameazas fitosanitarias importantes que se derivan do cambio climático. Por este motivo, o programa 'Cambiar o Cambio' traballará con outras organizacións estatais que estudan o cambio climático e mesmo transnacionais, coa realización de actividades con grupos de traballo de Francia, Inglaterra e Portugal.

Xunto con esta colaboración, a iniciativa completase coa difusión destes principios entre a sociedade rural. Por iso, UUAA levará a cabo unha exposición itinerante que percorrerá 50 localidades galegas e charlas en 20 colexios para incidir no cambio de mentalidade entres as xeracións que sustentarán o futuro. ●

LUZ VERDE ÓS 7 PRIMEIROS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Ourense recibe 31 millóns dos fondos Leader

Os sete primeiros convenios entre a Consellería de Medio Rural e os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) viron onte a luz verde na provincia de Ourense e suporán unha xestión de 31 millóns de euros, que redundarán en beneficio de máis de 180.000 persoas.

O vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, e o conselleiro de

Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, participaron onte na sinatura destes acordos, no que destacaron a "aposta" do bipartito neste ámbito como clave para loitar contra a crise a través de "proxectos de capacidade produtiva" que xeren emprego e riqueza no ámbito rural. Os Grupos de Desenvolvemento Rural encargaranse de xestionar

máis de 31 millóns de euros que proveñen dos fondos Leader.

O vicepresidente da Xunta destacou que o investimento destes convenios redundará "en máis de 180.000 persoas" cunha dotación equivalente ós "148 euros por habitante", o que supón a "maior cifra de Galicia", xa que "multiplica por 1,7 a media galega".

OS DATOS

Produtores do 10% de emisións

Na torta de responsabilidades das emisións á atmosfera, os agricultores e gandeiros son, en palabras de Pablo García, os responsables mínimos deste fenómeno, ó aglutinar o 10% do CO₂ emitido, fronte ó 40% do sector enerxético ou o 20% do transporte. A pesar disto, García destacou un cambio de actitude destes profesionais, cada vez máis implicados na salvagarda do medio. "Os gandeiros son os grandes ecoloxistas do país", sinalou, tras destacar que isto conleva un cambio dos sistemas de produción, tanto por cuestións económicas como por conciencia.

Dous anos para a nova actitude

O proxecto *Cambiar o Cambio*, enmarcado no Programa Life+ 'Información e Comunicación', extenderase ata decembro do 2010, tempo no que se pretenderá trasladar esta nova actitude cara a un agro máis sustentable. Para iso, UUAA apoiarase na ampla base social que ten en todo o territorio galego e na súa estrutura técnica, distribuída nun total de 37 locais. Desta forma, o sindicato agrario tentará chegar ás catro provincias galegas e ó maior número de segmentos da sociedade.

As consecuencias xa chegaron aquí

Pablo García e Xacobo Feijoo destacaron a necesidade de ver o cambio climático como un fenómeno que nos afecta directamente e non como un problema remoto. Para demostrar que as súas consecuencias xa están presentes en Galicia, os representantes de UUAA destacaron a aparición de casos de lingua azul, provocada por un mosquito que habita en África. ou o cambio de datas da vendima e a menor ou maior resistencia de novas cepas ata agora imposibles na comunidade.